

Son especiais as ensinanzas artísticas?

As Artes Plásticas, xunto coa Música e a Arte Dramática, forman un conxunto de disciplinas cualificadas como artísticas e encadradas nun ámbito de ensinanzas consideradas especiais. Non existe consenso arredor desta denominación, non obstante, todos coinciden en que as tres teñen unhas características que as definen e diferencian. Coa finalidade de clarificar este tema, tres expertos e un ex-alumno, hoxe incorporado ao mundo laboral, analizan as características que as definen, as condicións nas que se desenvolven estes estudos, e as posibilidades que ofrecen unha vez acadada a correspondente titulación.



Os participantes

Gonzalo Porral

Director da Escola de Arte e Superior de Deseño Pablo Picasso (A Coruña)

Mariana Carballal

Actriz. Profesora da Escola Superior de Arte Dramática (Vigo)

Juan Vara

Compositor. Profesor do Conservatorio Profesional de Música (A Coruña)

Javier Pons

Empresario. Técnico superior de Deseño de Interiores.

Texto_ **Gena Borrajo**

Fotografía_ **Fernando Bellas**

As preguntas

- Que teñen de especial estas ensinanzas?
- Cal é o perfil do estudante de artes e que formación de base necesita para realizar con éxito estes estudos?
- Debe posuír algunha calidade especial o profesorado que as imparte?
- Cal é na actualidade o status destas ensinanzas?
- Que expectativas laborais se lles presentan aos titulados?



O porqué de ser especiais

Gonzalo_ Eu non teño a menor dúbida de que estas ensinanzas son especiais. Estamos a falar duns estudos que preparan para unha profesión na que o contido artístico e a estética, teñen unha importancia vital. Nas artes plásticas non se trata só de aprender unhas cantas normas e unha linguaxe ligada á disciplina, senón que ademais hai que incorporar un compoñente de creación. Este valor engadido é o que as fai diferentes. Aos nosos alumnos esixímoslles eficiencia, eficacia e creatividade, e máis nestes tempos nos que non podemos competir en produción, pero si en deseño, ao ser este o noso potencial máis forte.

Juan_ Si, eu tamén creo que son especiais porque estamos a falar, nada máis e nada menos que da arte [alonga a palabra arte poñendo unha énfase especial cando a pronuncia]. A música, as artes plásticas, a arte dramática e a danza, son especiais porque o seu compoñente fundamental é artístico. Trátase, polo tanto, de ensinar e de aprender algo extremadamente delicado. No caso da música resulta tamén complexo, porque implica a utilización dunha linguaxe moi técnica.



Mariana_ A min gustárame destacar unha calidade que diferencia a arte dramática das outras ensinanzas artísticas, porque, precisamente esta calidade é a que a fai diferente e especial. Estoume a referir ao instrumento que empregan os nosos alumnos para expresarse e crear. O pintor transfere a súa arte a través do pincel ou do lapis, o músico pode utilizar o violín, pero o actor ou o bailarín o que pon en xogo é o seu propio corpo. Este é o instrumento que debe dominar, un complexo mundo de emocións, sensacións e vivencias.

Javier_ A miña experiencia como estudante de Deseño de Interiores dime que estes estudos son especiais porque a maior parte de alumnos e alumnas que os cursan, fáino por vocación. Sabemos dende

o principio que imos gañar pouco, e aínda así, temos bastante claro o que queremos facer. Tamén é especial o sistema de funcionamento das clases, porque se traballa bastante en equipo e se aprende moito dos compañeiros.

Mariana_ É certo o que di Javier. A vocación é o que determina, realmente, que unha persoa elixa unha ensinanza artística. Os nosos alumnos adoitan ter un sentimento de non poder ser outra cousa e, con frecuencia, teñen que loitar contra prexuízos sociais e, mesmo, contra os propios desexos familiares.

“As ensinanzas artísticas son especiais porque teñen un coñecemento fundamental de creación e adoitan ser vocacionais”

O perfil dos estudantes

Gonzalo_ Penso que, en principio, os alumnos e as alumnas da maior parte dos nosos ciclos deben posuír uns dotes mínimos para ser quen de imaxinar e crear. E esas calidades ou se teñen, ou non. Para min iso está fóra de toda dúbida. O problema é como asegurarnos de que o candidato ou a candidata as posúe. É dicir, deberíamos saber, do modo máis certo posible, que alumnos e alumnas teñen o potencial creador necesario. Nestes momentos vulgamos os aspirantes a través da proba de acceso que está establecida, pero talvez non o esteamos facendo co rigor necesario.

Mariana_ A obxectividade á que

se refire Gonzalo é moi complicada no caso da arte dramática. Para min saber se un rapaz ten ou non ten talento resulta sumamente difícil. Pero, aínda partindo de que non podemos adiviñalo, si é posible intuír se existen certos dons, e a nosa responsabilidade debe ser alimentarlos. A escola non está para dotar de talento a quen non o posúe, senón para prover os estudantes dunha serie de elementos que lles sirvan para desenvolver ben o seu oficio.

Gonzalo_ Polo que se refire ás artes plásticas, eu tamén teño bastante claro que aquí non se fan artistas, aínda que pode ocorrer que algún día descubramos que algún artista estudou aquí.

Mariana_ Nós podemos contribuír a facilitar o camiño, pero o talento é un don de longo percorrido e estou convencida de que cando unha persoa o posúe, sae adiante sempre, con ou sen escola. O que si hai que transmitirle ao alumnado é a idea de que o mundo profesional que escolleu é difícil, e que debe afrontalo con actitude de traballo e constancia. Isto si que é importante, porque nesta profesión, un non ten a sorte de estar sempre sobre un escenario. Moitas veces hai que esperar e compaxinar a actuación con outras tarefas asociadas á interpretación. Por esta razón debemos axudarlle a desbotar a idea do éxito rápido. Os estudantes de arte dramática deben saber que a traxectoria profesional só a determina o tempo, e que sempre é o público o que decide se un é bo, malo ou regular.

Juan_ No caso da música o talento é moi importante, pero a técnica resulta imprescindible. O músico debe dotarse dunha serie de destrezas, habilidades e sabedoría especificamente técnica, porque só así é posible poñer en xogo a parte emocional. Ata tal punto é así que, se unha persoa ten talen-

to, pero carece dos coñecementos ligados ao fenómeno musical, non ten apenas posibilidades; sobre todo, no terreo instrumental, que precisa unha técnica moi sutil e complexa.

Mariana_ A propósito do que di Juan, eu preguntome se a formación musical non estará excesivamente vinculada a un coñecemento técnico que obrigue a sacrificar outras aprendizaxes.

Juan_ O requirimento técnico do que entendemos por música culta ou clásica, dende o gregoriano ata os nosos días, pasando pola idade media, o renacemento, o barroco, o clasicismo, o romanticismo e os múltiples estilos do século XX, esixe destrezas técnicas moito máis elevadas das que se precisan para a música de consumo, que hoxe é a que invade case todos os ámbitos e está nun primeiro plano de atención. A ninguén se lle escapa que vivimos nun momento tremendamente difícil para as artes en xeral, e para os artistas en particular. Respondendo á túa pregunta, Mariana, claro que a destreza técnica é moito máis esixente para tocar Beethoven ou Bach que para tocar a música popular ou comercial.

Mariana_ Pero é posible que esa mesma esixencia sexa castradora. Talvez estea falando dende a miña ignorancia musical, pero o que quero dicir é que os centros deben formar artistas en función da sociedade que lles toca vivir. O artista debe transformar a sociedade, ou polo menos, facerlle pensar ao espectador. Nese sentido, entendo que é máis importante coñecer ben a sociedade para a que hai que traballar, que incorporar hábitos, técnicas e disciplinas do século XVII. Por outra banda, quizá hoxe a destreza técnica non sexa tan necesaria como hai algún tempo. Estamos saturados de información, e o que debe interesarnos, antes que tocar mellor ou peor, é que o músi-

co sexa capaz de mover o corazón de quen o escoita.

Juan_ Creo que falamos de cousas distintas: non é o mesmo formar profesionais da música que educar musicalmente a toda a poboación.

Mariana_ Penso que tamén no ámbito profesional as cousas poden mudar. Antes o actor dramático dominaba as técnicas da dicción e da proxección da voz, e coñecía os códigos de movementos para expresar diversas emocións, pero non participaba da creación. Hoxe iso sería inconcibible, porque, aínda que os alumnos deben dominar case todas as disciplinas que lles permitan a perfección técnica enriba do escenario, esta non ten valor se non crea vida, unha vida que se identifique co público e que lle permita comunicarse con el. A formación debería enfocarse cara a conseguir que ao alumnado lle importe o mundo, e que queira transformalo... Polo tanto, non creo que precisen tanto ser virtuosos, como dispoñer deses valores, que os poñan en xogo e sexan quen de conmoer.

Juan_ Non cres, logo, que precisen unha boa formación técnica para chegar a sentir e a transmitir esas emocións a través da arte...

Mariana_ Tampouco quero dicir iso. O que eu defendo é que eses contidos non ocupen a maior parte do programa. Recoñezo que as escolas deben dotar o alumnado dunha teoría que sosteña e enriqueza a práctica. Isto é algo fundamental que á xente nova lle custa entender, porque o que quere é estar sempre actuando, tocando ou pintando. Son o tempo e a experiencia os que lles van amosando que é imprescindible ese soporte teórico.

Javier_ A miña experiencia dime que no caso das artes plásticas, unha técnica de base é fundamental. Logo cada un pon na súa obra un compoñente creador e o selo da súa personalidade.

Mariana Por suposto, unha persoa creativa, dotada para calquera das artes das que estamos a falar, terá sempre moitas máis posibilidades, se dispón dunha técnica que a apoie e a faga saír adiante. Eu diría que técnica e disciplina son dúas condicións indispensables.

Juan Logo estamos de acordo no esencial. Os compositores, os instrumentistas, os directores precisan unha boa formación técnica. Incluso os musicólogos deben estar revestidos de técnicas de investigación. No caso da música o alumnado debe comezar o estudo moi cedo. De feito, o ingreso no conservatorio prodúcese aos sete ou oito anos, pois necesita aprenderse dende idades moi temperás. Algúns dos grandes virtuosos comezaron a tocar o seu instrumen-

to aos dous anos, inclusive antes. Arthur Rubisteim, por exemplo, empezou antes de falar. Os nenos deben madurar e medrar psíquica e fisioloxicamente, e en conexión íntima co seu instrumento.

Gonzalo Non debemos ignorar tampouco a importancia que ten a calidade das aprendizaxes. Un dos problemas que atopamos nós son os vicios que traen os alumnos cando chegan á escola. Algún profesor ten manifestado que a maior dificultade coa que se enfrenta ao primeiro é "quitarlles da cabeza as cousiñas que lles meteron".

Mariana Isto tamén ocorre coa arte dramática. Case todos os alumnos que acceden a estes estudos fixeron algo de teatro na escola primaria e secundaria, ou pasaron por teatros de afeccionados e ex-

periencias diversas, pero na maior parte dos casos, o persoal que imparte estas clases non está cualificado para facelo. Non imaxino dando clase de Matemáticas a unha persoa á que lle gustan os números, pero que non domina a materia. Cando falamos de teatro, en cambio, calquera pode ensinar. Esta situación comporta un problema, porque os alumnos e alumnas que recibiron estas clases, pensan con frecuencia que saben, incluso máis que o profesor, e van á escola unicamente para que lles dean o título. Nestes casos perdemos moito tempo en limpar vicios adquiridos, e en facerlles ver que precisan formarse.



“Necesítanse talento e un dominio mínimo da técnica para cursar estes estudos e desenvolverse con éxito no mundo das artes”



As calidades do profesorado de artes

Javier_ Eu considero un problema o feito de que moitos profesores se formaron na profesión, pero non a exerceron nunca fóra da docencia. Nestes casos, as ensinanzas teñen unha carga moito máis teórica. Por iso entendo que é moi importante que o profesorado veña do mundo do traballo.

Mariana_ Eu tamén o creo. É un problema que a maior parte dos docentes non proceda da práctica. No caso da arte dramática, os docentes deben estar en contacto co escenario e coñecer de cerca as dificultades do actor cando se enfrenta a un personaxe, a unha obra, a unha montaxe ou a unha dirección. Un teatrorólogo, ou unha persoa con moitos coñecementos teóricos de teatro, se nunca pisou un escenario, dificilmente pode ensinar iso. Na interpretación, posiblemente a situación sexa peor que nas outras artes, porque non hai criterios. Basta mirar as series de televisión para decatarnos de que se lle está a dar cabida a case todo. Por iso trato de transmitir-lles aos meus alumnos e alumnas que traballar na tele non significa ser actor, aínda que hai moitos e bos actores que traballan nela. A xuventude precisa aproximarse á realidade, porque hoxe está a calar a idea equivocada de que coa interpretación se lles abre un camiño de éxito, fama e cartos; e hai que convencerlos de que están ante unha profesión de risco que é dura e esixe perseveranza.

Javier_ Si, eu insisto na necesidade de impregnar estes estudos de maior coñecemento práctico.

Talvez se poidan completar con máis prácticas nun estudo ou nunha empresa. Esta é unha fórmula que pode valer, aínda que tamén recoñezo que ás veces non é tan doado. Eu agora son empresario e cando me mandan xente en prácticas, perdo diñeiro, sobre todo cando as prácticas son de dúas ou tres semanas, posto que cando xa aprenderon a facer un traballo cunha mínima autonomía, vanse.

Gonzalo_ As cousas foron cambiando co tempo. Hai anos non había ningún tipo de prácticas e, polo tanto, a fractura entre o académico e a vida real era moito máis profunda. Despois de moito loitar, conseguimos dobralas e pasaron a 110. Agora estamos nos estudos superiores de Deseño de Interiores e, curiosamente, aí non hai prácticas. O mesmo ocorre cos estudos superiores de Deseño Gráfico. En total son tres anos e un proxecto de fin de carreira. Cando os estudos se convertan en grao, é posible que aparezan de novo as prácticas. Na actualidade, estes estudos superiores son equivalentes para todos os efectos a unha diplomatura, pero con Plan Boloña non teñen sentido, porque as diplomaturas desaparecen e o que haberá serán graos, posgraos e doutoramento. A isto que chamamos estudos superiores corresponderíalles un grao, pero hai que ver como queda ao final.

Juan_ A min gustaríame engadir que o profesorado precisa unha infinita paciencia e, sobre todo, coñecer ben o alumnado e comprendelo, cousa que ás veces resulta complicado.

Mariana_ Non esquezamos tampouco a necesidade dunha boa formación pedagóxica que nos permita facilitar a aprendizaxe e acomodala ás necesidades de cada un dos nosos alumnos e alumnas.



“Cando o profesorado vén da práctica artística, o alumnado constrúe aprendizaxes moito máis ligadas ao mundo da profesión. Isto engadido á moita paciencia, comprensión e formación pedagóxica pode ser a clave”



O status das artes

Mariana_ Nós botamos en falta que o alumnado que concorre ás probas de acceso, non teña máis aprendizaxe previa que a relacionada co teatro amador, coa afeción. Non se contempla a aprendizaxe sistemática do teatro na etapa obrigatoria do sistema educativo, da mesma maneira que a Plástica e a Música. Isto é inconcibible nun país que ten regulamentos as ensinanzas superiores de Arte Dramática.

Gonzalo_ En relación co que di Mariana, non teño máis remedio que referirme ao bacharelato artístico. Nós recibimos alumnado de todos os centros que o imparten, e o máis triste é que non constatamos diferenzas substanciais entre o alumnado do bacharelato artístico e o das outras modalidades. Isto é enormemente preocupante. O bacharelato artístico non pode limitarse a recoller nos seus contidos unha maior presenza do debuxo, senón que debería integrar contidos de todas as áreas artísticas.

Juan_ Aínda que se dese ese caso, eu considero que non sería suficiente para formar os alumnos nestas disciplinas, porque dous anos non dan para moito. Para nós o novo bacharelato de música que se impartirá nos conservatorios, abre expectativas moi interesantes, pero o noso alumnado, cando acceda a este bacharelato, xa traerá consigo anos de formación musical.

Mariana_ Ben, pero a formación musical á que te refires, tampouco está incluída no ensino obrigatorio, senón que vai en paralelo, e seguro que, se un alumno que non pasou polo conservatorio, trata de acceder aos estudos superiores de música, non o vai poder facer.

Juan_ Evidentemente. Será moi difícil que poida defender un programa de concerto, se non ten unha base que llo permita. É verdade o que di Mariana, no caso da música o estudante de conservatorio é, á vez, estudante de primaria, de ESO ou de bacharelato. Para nós esa falta de contacto diario co alumnado, e o feito de que a formación musical sexa máis un complemento que unha materia de estudo obrigatorio, acaba sendo un problema.

Javier_ Creo que as artes deberían mellorar o seu status dentro do sistema. É un erro, por exemplo, que a arte dramática non teña presenza no sis-

tema obrigatorio. En principio, crese que estes estudos deben limitarse a formar actores e actrices, e non é así. Na vida cotiá resultan moi útiles para moverse polo mundo. Un comercial, por exemplo, precisa formación para poder convencer.

Mariana_ Iso está claro. O teatro, ademais das saídas profesionais que ofrece, é un recurso pedagóxico para calquera das outras disciplinas, e debería utilizarse para aprender todo o bo que nos pode ofrecer, como xenerosidade, traballo en equipo, presenza escénica, capacidade oral e psicomotriz, capacidade de expoñer, elaboración de mecanismos para vencer o medo e os bloqueos... Para todo iso é de proveito e é o que se debería potenciar na escola.

Gonzalo_ Penso que nestes momentos falla o que fallou toda a vida: que as ensinanzas artísticas seguen a ser unha "maría" e que, se realmente se caese na conta da importancia que teñen na formación da personalidade, mellorarían a súa consideración.

Juan_ A Administración debería asumir e entender a transcendencia e a necesidade das artes para o ser humano, para a sociedade e para a vida. Estamos a falar das artes, que xunto coa ciencia, é o que fai avanzar a humanidade. Entendido isto, suponse que poría todos os medios para facer o máis eficaces posible os procesos de ensinanza e aprendizaxe.

Mariana_ Non me gusta falar da Administración como un ente alleo, cando, en realidade, nós tamén somos Administración. Eles xestionan porque os cidadáns lles permitimos que o fagan. Creo que o que debe cambiar é a sociedade e, mentres isto non ocorra, é difícil que cambie o sistema.

Javier_ Eu non creo que sexa tanto unha cousa de medios, como de competencia para saber transmitir uns saberes. Para ser profesor non é

suficiente con saber moito. Precísase iso do que falaba Mariana: saber ensinar.

"As artes deberían gozar de mellor consideración social e ter unha maior presenza no ensino obrigatorio"



O futuro profesional destes estudos

Javier_ No ámbito do Deseño de Interiores case non existe paro. O que si hai é moito intrusismo. Ao final o que conta para ser competitivo é o que viñemos defendendo: capacidade para crear e moita profesionalidade. En calquera caso, o mercado laboral é moi complexo e hoxe hai que dominar moitas parcelas do saber. Eu, por exemplo, montei a miña propia empresa e, co tempo, o volume de actividade obrigoume a contratar xente, co cal o meu traballo de creación foi cedendo terreo e, na actualidade, case me dedico en exclusiva ao de xestión.

Mariana_ Os estudos de Arte Dramática están orientados a ser actor, teatrólogo ou crítico teatral. Outra saída interesante é a de profesor.

Juan_ O mundo musical é extremadamente competitivo. De aí a necesidade dunha formación sólida. As principais saídas para o noso alumnado son as orquestras ou as bandas. Noutro nivel de maior esixencia estarían as formacións camerísticas ou o traballo como solista. Por outra banda, estarían a dirección e a composición que, sen dúbida comportan un acceso moi complicado, pero non imposible. A musicoloxía é apaixonante e ten os seus propios círculos. Para nós, a docencia é unha saída absolutamente necesaria e relativamente fácil de conseguir.